

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
32001683	IES Martaguisela	O Barco de Valdeorras	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Bacharelato	Debuxo técnico I	1º Bac.	4	140

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	4
4.1. Concrecións metodolóxicas	9
4.2. Materiais e recursos didácticos	10
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	10
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	10
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	12
5.4. Procedemento para acreditar os coñecementos necesarios en determinadas materias	12
6. Medidas de atención á diversidade	12
7.1. Concreción dos elementos transversais	12
7.2. Actividades complementarias	13
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	13
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	14
9. Outros apartados	14

1. Introducción

Ao longo da ESO, na materia de EDUCACIÓN PLÁSTICA E VISUAL víronse determinados contidos e ferramentas de DEBUXO TÉCNICO (entendendo por tal os diferentes trazados xeométricos, a xeometría plana e espacial). Nos cursos de DEBUXO TÉCNICO I e II veranse, polo miúdo, todos estes coñecementos dun xeito sistemático.

Dadas as diferentes circunstancias e vicisitudes do alumnado, a materia de DT1 empeza de cero, ou sexa, non require coñecementos previos de debuxo técnico, inda que os que xa traen os alumnos benefician e facilitan a súa aprendizaxe, no seu caso.

A materia de DEBUXO TÉCNICO aglutina os contidos e procedementos necesarios para a definición gráfica de trazados xeométricos, a resolución de problemas espaciais e a descrición gráfica de volumes mediante sistemas normalizados. Constitúe o medio idóneo de expresión e definición de proxectos nos diferentes campos do deseño. Esta materia dotará ao alumnado dos instrumentos axeitados para comunicar de xeito gráfico e obxectivo e para expresar e difundir ideas e proxectos de acordo con convencións que garanten a interpretación fiable e precisa.

A materia de DEBUXO TÉCNICO potencia o desenvolvemento da capacidade de visión espacial así como da capacidade de análise, a creatividade, a autonomía, o traballo colaborativo e o pensamento diverxente. Por outra banda, supón un primeiro achegamento do alumnado á lectura de obras de arquitectura e enxeñaría desde a valoración dos seus elementos técnicos e estruturais.

O carácter integrador e multidisciplinario da materia favorece unha metodoloxía activa e participativa, de aprendizaxe por descubrimento, de experimentación sobre a base de resolución de problemas prácticos, ou mediante a participación en proxectos interdisciplinarios, contribuíndo ao desenvolvemento das competencias clave correspondentes e á adquisición dos obxectivos de etapa. Abórdanse tamén retos do século XXI de xeito integrado durante os dous anos de bacharelato, o compromiso cidadán no ámbito local e global, a confianza no coñecemento como motor do desenvolvemento, o aproveitamento crítico, ético e responsable da cultura dixital, o consumo responsable e a valoración da diversidade persoal e cultural.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Interpretar elementos ou conxuntos arquitectónicos e de enxeñaría, empregando recursos asociados á percepción, ao estudo, á construción e á investigación de formas, para analizar as estruturas xeométricas e os elementos técnicos utilizados.	1-2		4	1	40	1		1-2
OBX2 - Utilizar razoamentos indutivos, deductivos e lóxicos en problemas de índole gráfico-matemática, aplicando fundamentos da xeometría plana para resolver graficamente operacións matemáticas, relacións, construcións e transformacións.	2		1-2-4		11-50		2	
OBX3 - Desenvolver a visión espacial, utilizando a xeometría descritiva en proxectos sinxelos, considerando a importancia do debuxo na arquitectura e nas enxeñarías, para resolver problemas e interpretar e recrear graficamente a realidade tridimensional sobre a superficie do plano.			1-2-4		11-50		2-3	

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX4 - Formalizar e definir deseños técnicos aplicando as normas UNE e ISO de maneira apropiada e valorando a importancia que ten o esbozo para documentar graficamente proxectos arquitectónicos e de enxeñaría.	2		1-4	2	11-32-50		3	
OBX5 - Investigar, experimentar e representar dixitalmente elementos, planos e esquemas técnicos mediante o uso de programas específicos CAD de xeito individual ou grupal, apreciando o seu uso nas profesións actuais, para virtualizar obxectos e espazos en dúas dimensións e tres dimensións.			2-3-4	1-2-3			3	41-42

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	XEOMETRÍA PLANA		20	30	X		
2	SISTEMA DIÉDRICO		40	50	X	X	
3	SISTEMA AXONOMÉTRICO		20	30		X	
4	SISTEMA ACOUTADO		13	20		X	X
5	NORMALIZACIÓN E ACOTACIÓN		7	10			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	XEOMETRÍA PLANA	30

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Solucionar graficamente cálculos matemáticos e transformacións básicas aplicando conceptos e propiedades da xeometría plana.	Aprobar o exame respectivo ou a recuperación no seu caso.	PE	97
CA1.3 - Resolver graficamente tanxencias e trazar curvas aplicando as súas propiedades, cunha actitude de rigor na súa execución.	Aprobar o exame respectivo ou a recuperación no seu caso.		
CA1.4 - Trazar graficamente construcións poligonais baseándose nas súas propiedades e amosando interese pola precisión, a claridade e a limpeza.	Aprobar o exame respectivo ou a recuperación no seu caso.		
CA2.5 - Valorar o rigor gráfico do proceso, a claridade, a precisión e o proceso de resolución e construción gráfica.	Entender os conceptos.		
CA3.1 - Solucionar graficamente cálculos matemáticos e transformacións básicas aplicando conceptos e propiedades da xeometría plana.	Aprobar o exame respectivo ou a recuperación no seu caso.		
CA1.1 - Analizar, ao longo da historia, a relación entre as matemáticas e o debuxo xeométrico, valorando a súa importancia en diferentes campos como a arquitectura ou a enxeñaría, desde a perspectiva de xénero e a diversidade cultural, empregando adecuadamente o vocabulario específico técnico e artístico.	Entender os conceptos.	TI	3
CA1.5 - Valorar o rigor gráfico do proceso; a claridade, a precisión e o proceso de resolución e construción gráfica.	Entender os conceptos.		
CA3.3 - Valorar o rigor gráfico do proceso, a claridade, a precisión e o proceso de resolución e construción gráfica.	Entender os conceptos.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Desenvolvemento histórico do debuxo técnico. Campos de acción e aplicacións: debuxo arquitectónico, mecánico, proxectivo, eléctrico e electrónico, xeolóxico, urbanístico, etc. - Orixe da xeometría. Tales, Pitágoras, Euclides, Hipatia de Alexandría. - Concepto de lugar xeométrico. Arco capaz. Aplicacións dos lugares xeométricos ás construcións fundamentais da xeometría plana. - Proporcionalidade, equivalencia e semellanza. - Triángulos, cuadriláteros e polígonos regulares. Propiedades e métodos de construción específicos e xerais. - Tanxencias básicas. Curvas técnicas. - Interese polo rigor nos razoamentos, e precisión, claridade e limpeza nas execucións. - Fundamentos da xeometría proxectiva. - Escalas numéricas e gráficas. Construción e uso.

UD	Título da UD	Duración
2	SISTEMA DIÉDRICO	50

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Representar en sistema diédrico elementos básicos no espazo determinando a súa relación de pertenza, posición e distancia	Aprobar o exame respectivo ou a recuperación no seu caso.	PE	95
CA2.3 - Representar e interpretar elementos básicos no sistema de planos acotados facendo uso dos seus fundamentos.	Aprobar o exame respectivo ou a recuperación no seu caso.		
CA3.2 - Documentar graficamente obxectos sinxelos mediante as súas vistas acotadas aplicando a normativa UNE e ISO na utilización de sintaxe, escalas e formatos, valorando a importancia de usar unha linguaxe técnica común.	Aprobar o exame respectivo ou a recuperación no seu caso.		
CA1.5 - Valorar o rigor gráfico do proceso; a claridade, a precisión e o proceso de resolución e construción gráfica.	Entender os conceptos.	TI	5
CA2.5 - Valorar o rigor gráfico do proceso, a claridade, a precisión e o proceso de resolución e construción gráfica.	Entender os conceptos.		
CA3.3 - Valorar o rigor gráfico do proceso, a claridade, a precisión e o proceso de resolución e construción gráfica.	Entender os conceptos.		
CA3.4 - Utilizar o esbozo e o bosquexo como elementos de reflexión na aproximación e indagación de alternativas e solucións aos procesos de traballo.	Entender os conceptos.		
CA4.3 - Utilizar o esbozo e o bosquexo como elementos de reflexión na aproximación e na indagación de alternativas e solucións aos procesos de traballo nos que interveñen sistemas CAD.	Entender os conceptos.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Desenvolvemento histórico do debuxo técnico. Campos de acción e aplicacións: debuxo arquitectónico, mecánico, proxectivo, eléctrico e electrónico, xeolóxico, urbanístico, etc. - Interese polo rigor nos razoamentos, e precisión, claridade e limpeza nas execucións. - Fundamentos da xeometría proxectiva. - Sistema diédrico: representación de punto, recta e plano. Trazas con planos de proxección. Determinación do plano. Pertenzas. - Relacións entre elementos: interseccións, paralelismo e perpendicularidade. Obtención de distancias: punto a punto, punto a recta, recta a plano, plano a plano, dúas rectas paralelas e mínima distancia entre dúas rectas que se cruzan. - Formatos. Dobradura de planos.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Elección de vistas necesarias. Liñas normalizadas. Acotación. - Aplicacións vectoriais 2D-3D. - Modelaxe de caixa. Operacións básicas con primitivas. - Aplicacións de traballo en grupo para conformar pezas complexas a partir doutras máis sinxelas.

UD	Título da UD	Duración
3	SISTEMA AXONOMÉTRICO	30

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Representar en sistema diédrico elementos básicos no espazo determinando a súa relación de pertenza, posición e distancia	Aprobar o exame respectivo ou a recuperación no seu caso.	PE	96
CA2.2 - Definir elementos e figuras planas en sistemas axonométricos valorando a súa importancia como métodos de representación espacial.	Aprobar o exame respectivo ou a recuperación no seu caso.		
CA3.3 - Valorar o rigor gráfico do proceso, a claridade, a precisión e o proceso de resolución e construción gráfica.	Aprobar o exame respectivo ou a recuperación no seu caso.		
CA4.2 - Recrear virtualmente pezas en tres dimensións aplicando operacións alxébricas entre primitivas para a presentación de proxectos en grupo.	Aprobar o exame respectivo ou a recuperación no seu caso.		
CA1.5 - Valorar o rigor gráfico do proceso; a claridade, a precisión e o proceso de resolución e construción gráfica.	Entender os conceptos.	TI	4
CA2.4 - Debuxar elementos no espazo empregando a perspectiva cónica.	Entender os conceptos.		
CA2.5 - Valorar o rigor gráfico do proceso, a claridade, a precisión e o proceso de resolución e construción gráfica.	Entender os conceptos.		
CA4.1 - Crear figuras planas e tridimensionais mediante programas de debuxo vectorial, usando as ferramentas que achegan e as técnicas asociadas.	Entender os conceptos.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Desenvolvemento histórico do debuxo técnico. Campos de acción e aplicacións: debuxo arquitectónico, mecánico, proxectivo, eléctrico e electrónico, xeolóxico, urbanístico, etc. - Interese polo rigor nos razoamentos, e precisión, claridade e limpeza nas execucións. - Sistema axonométrico, ortogonal e oblicuo. Perspectivas isométrica e cabaleira. Disposición dos eixes e uso dos coeficientes de redución. Elementos básicos: punto, recta e plano.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Sistema cónico: fundamentos e elementos do sistema. Perspectiva frontal e oblicua. - Concepto de normalización. As normas fundamentais UNE, ISO e DIN. Aplicacións da normalización: simboloxía industrial e arquitectónica. - Fundamentos de deseño de pezas en tres dimensións. - Aplicacións de traballo en grupo para conformar pezas complexas a partir doutras máis sinxelas.

UD	Título da UD	Duración
4	SISTEMA ACOUTADO	20

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.3 - Representar e interpretar elementos básicos no sistema de planos acotados facendo uso dos seus fundamentos.	Aprobar o exame respectivo ou a recuperación no seu caso.	PE	97
CA1.5 - Valorar o rigor gráfico do proceso; a claridade, a precisión e o proceso de resolución e construción gráfica.	Entender os conceptos.	TI	3
CA2.5 - Valorar o rigor gráfico do proceso, a claridade, a precisión e o proceso de resolución e construción gráfica.	Entender os conceptos.		
CA3.3 - Valorar o rigor gráfico do proceso, a claridade, a precisión e o proceso de resolución e construción gráfica.	Entender os conceptos.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Desenvolvemento histórico do debuxo técnico. Campos de acción e aplicacións: debuxo arquitectónico, mecánico, proxectivo, eléctrico e electrónico, xeolóxico, urbanístico, etc. - Interese polo rigor nos razoamentos, e precisión, claridade e limpeza nas execucións. - Sistema de planos acotados. Fundamentos e elementos básicos: punto, recta e plano. Identificación de elementos para a súa interpretación en planos. - Formatos. Dobradura de planos.

UD	Título da UD	Duración
5	NORMALIZACIÓN E ACOTACIÓN	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Solucionar graficamente cálculos matemáticos e transformacións básicas aplicando conceptos e propiedades da xeometría plana.	Aprobar o exame respectivo ou a recuperación no seu caso.	PE	96
CA1.5 - Valorar o rigor gráfico do proceso; a claridade, a precisión e o proceso de resolución e construción gráfica.	Entender os conceptos.	TI	4
CA2.3 - Representar e interpretar elementos básicos no sistema de planos acotados facendo uso dos seus fundamentos.	Entender os conceptos.		
CA2.5 - Valorar o rigor gráfico do proceso, a claridade, a precisión e o proceso de resolución e construción gráfica.	Entender os conceptos.		
CA3.3 - Valorar o rigor gráfico do proceso, a claridade, a precisión e o proceso de resolución e construción gráfica.	Entender os conceptos.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Desenvolvemento histórico do debuxo técnico. Campos de acción e aplicacións: debuxo arquitectónico, mecánico, proxectivo, eléctrico e electrónico, xeolóxico, urbanístico, etc. - Interese polo rigor nos razoamentos, e precisión, claridade e limpeza nas execucións. - Fundamentos da xeometría proxectiva. - Formatos. Dobradura de planos. - Concepto de normalización. As normas fundamentais UNE, ISO e DIN. Aplicacións da normalización: simboloxía industrial e arquitectónica. - Elección de vistas necesarias. Liñas normalizadas. Acotación.

4.1. Concrecións metodolóxicas

- Relacionar a teoría coa práctica, buscando a aplicación do aprendido. A materia terá unha orientación exclusivamente práctica: non haberá exames teóricos senón prácticos, con exercicios que o alumno deberá resolver aplicando a teoría explicada.
- Traballar con casos prácticos encamiñados á resolución de problemas reais, presentes na vida cotiá.
- Propiciar o traballo en grupo, respectando a iniciativa e creatividade de cada unha das persoas que o compoñen. Os exercicios prácticos faranse, na medida do posible, na clase para que os alumnos podan resolver os problemas en grupo coa axuda do profesor no seu caso.
- Uso das novas tecnoloxías da información e comunicación, tanto para a procura e selección de informacións específicas como para a elaboración de proxectos creativos.
- Potenciar a flexibilidade na elección de tratamentos ou recursos gráficos na resolución de proxectos.
- Incidir na necesidade do esforzo e tenacidade para o logro de destrezas e precisión nos obxectivos previstos.
- Haberá especial preocupación polo uso axeitado do material de debuxo, tanto manual (escuadra, cartabón, compás,

paralex, etc.) como informático.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
O libro de referencia: DEBUXO TÉCNICO I (1ºBAC), subido en pdf na aula virtual da materia.
Follas en branco, de formato DIN A4.
As aulas específicas de educación plástica e de debuxo técnico dispoñen de ordenador con proxector, ademais dun tabloeiro e mesas de debuxo para cada alumno/a.
O alumnado poderá reforzar ou ampliar os contidos estudados utilizando os recursos dixitais dispoñibles na Aula Virtual.

O libro de referencia da materia estará na aula virtual en formato pdf á disposición do alumnado. Ademais, traballarase con materiais de elaboración propia e/ou de libre uso que se atopan dispoñibles na rede. O alumnado debería de aproveitar os instrumentos de debuxo que xa comprou e usou nos cursos de educación plástica da ESO. Desta maneira a materia impártese cun custo case nulo para as familias e ademais incídese no desenvolvemento da competencia dixital. O alumnado pode descargar os materiais curriculares e pode dispoñer dunha versión en papel para fotocopiar. Nese caso, o alumnado debe asumir o custo das fotocopias que realice pero os boletíns de exercicios serán entregados en clase con cargo ao departamento.

Os seguintes materiais de apoio poden reforzar e ampliar o estudo dos contidos da área de Debuxo Técnico: materiais dixitais (vídeos, presentacións, animacións...) asociados á unidade, así como outros recursos como libros de consulta que están ao servizo do alumnado no departamento inmediato á aula de educación plástica.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Non hai avaliación inicial. Pártese de cero na materia.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	20	40	20	13	7	100
Proba escrita	97	95	96	97	96	96
Táboa de indicadores	3	5	4	3	4	4

Criterios de cualificación:

1.- Realizarase un exame (e a súa correspondente recuperación) por cada unha das catro partes da materia. Se non se chegara a avaliar algunha das partes da materia, modificaríase o peso das partes restantes proporcionalmente.

- XEOMETRÍA PLANA. (1/4 da nota).
- SISTEMA DIÉDRICO. (1/4 da nota).
- SISTEMA AXONOMÉTRICO. (1/4 da nota).
- NORMALIZACIÓN. (1/8 da nota).

2.- En cada unha das catro partes da materia faranse exercicios prácticos para que o alumnado comprobe que efectivamente comprende e ten asimilada a materia. Fará os exercicios en clase coa asistencia do profesor. Despois, o profesor corraxiraos na clase en común para todos e, finalmente, cada alumno/a corraxirá os seus na casa.

3.- Unha vez corraxidos os exercicios fixarase, de común acordo entre o alumnado e o profesor, unha data de entrega para os exercicios corraxidos. O profesor revisaraos e poñeralles nota. Cando un alumno/a non entregue os seus exercicios corraxidos, na data fixada de común acordo, non terá dereito a esa corrección por parte do profesor/a e terá un 0 nesa entrega.

4.- As notas que o alumno/a obteña nos exercicios non serán como as dun exame normal (lembramos que se trata de exercicios xa corraxidos) e servirán, no seu conxunto, para mellorar (nunca empeorar) a nota do exame nunha cantidade non superior a 1,5 puntos. Se a cualificación media de tódalas actividades entregadas en cada parte está entre 5 e 8 sumarase 0,75 puntos. Se está entre >8 e 10 sumarase 1,5 puntos. Para facer os redondeos na nota da avaliación, se a nota (exame + actividades) é decimal igual ou superior a 8 redondéase cara arriba e en caso contrario cara abaixo.

5.- A nota que o alumno/a levará nunha avaliación será a que acadou no exame respectivo (ampliada no seu caso segundo quedou indicado no parágrafo anterior) da parte de materia que se viu nesa avaliación. Se nunha avaliación se fixeran dous ou máis exames, a nota que o alumno/a levará na avaliación será a media de todas elas. O alumnado deberá recuperar soamente as partes da materia que teña suspensas (e terá que facelo aínda que nunha avaliación leve un aprobado como consecuencia da media dos exames que fixo en ela).

6.- Ao final do curso realizarase un exame final que incluírá tódolos contidos desenrolados no curso e que servirá:
- Para recuperar algunha das partes anteriores suspensas no exame e na recuperación (con un máximo de dúas partes suspensas).
- Para facer media (1/8 da nota) coas outras catro partes na nota final.

7.- Cando un alumno/a se incorpore ao curso unha vez iniciado este, fará un exame específico das partes da materia non cursadas (despois do correspondente apoio do profesor e na data fixada de común acordo). Terá dereito, tamén, ao correspondente exame de recuperación.

Criterios de recuperación:

1.- Cando un alumno/a suspenda o exame dunha das partes da materia terá dereito a facer unha recuperación.

2.- O alumnado que non acade un 5 na avaliación ordinaria deberá facer un exame para a avaliación extraordinaria, realizarase tendo en conta exclusivamente os resultados acadados no exame respectivo, de 1 hora e 30 minutos e que incluírá unha escolma dos contidos máis salientables do curso. Neste caso a nota máxima que poderá levar o alumno/a na avaliación final será de 5 puntos.

3.- Cando un alumno/a suspenda as 3 primeiras partes da materia (xeometría plana, diédrico e axonométrico), non poderá presentarse ao exame final e deberá, obrigatoriamente, facer o exame da avaliación extraordinaria e aprobalo para poder superar o curso. Realizarase tendo en conta exclusivamente os resultados acadados no exame respectivo, de 1 hora e 30 minutos e que incluírá unha escolma dos contidos máis salientables do curso. Neste caso a nota máxima que poderá levar o alumno/a na avaliación final será de 5 puntos.

4.- Durante o tempo de clase entre a avaliación ordinaria e a extraordinaria, o alumnado repasará, coa axuda do profesor, toda a materia do curso, facendo exercicios e preguntando as dúbidas. O alumnado que obtivera un 5 ou máis na avaliación ordinaria asistirá ás clases e repasará cos seus compañeiros, pero non fará a proba extraordinaria.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Darase no caso de levar pendente a materia de DEBUXO TÉCNICO I no segundo curso do BAC. Na respectiva programación dese curso se recollerán as medidas de reforzo e recuperación.

No propio curso e para tratar de que cada alumno/a recupere a parte da materia que ten suspensa no exame e na recuperación (que constitúe por si mesma unha medida de reforzo) se lle ofrecerá a posibilidade de facer máis exercicios para seguir practicando pola súa conta (estes exercicios serán corrixiados polo profesor/a e devoltos ao alumno/a).

5.4. Procedemento para acreditar os coñecementos necesarios en determinadas materias

É obrigatoria a asistencia a clase por parte do alumnado. O procedemento para que acredite os coñecementos necesarios son os exercicios e os exames que fai e o profesor/a corrixe.

Cando un alumno/a se incorpore ao curso unha vez iniciado este, fará un exame específico das partes da materia non cursadas (despois do correspondente apoio do profesor e na data fixada de común acordo). Terá dereito, tamén, ao correspondente exame de recuperación.

Cando un alumno/a suspenda as 3 primeiras partes da materia (xeometría plana, diédrico e axonométrico), non poderá presentarse ao exame final e deberá, obrigatoriamente, facer o exame da avaliación extraordinaria e aprobalo para poder superar o curso. Realizarase tendo en conta exclusivamente os resultados acadados no exame respectivo, de 1 hora e 30 minutos e que incluírá unha escolma dos contidos máis salientables do curso. Neste caso a nota máxima que poderá levar o alumno/a na avaliación final será de 5 puntos.

6. Medidas de atención á diversidade

A mesma definición do Proxecto Educativo e das súas concrecións curriculares constitúen unha medida de atención á diversidade. Por outro lado, o seu desenvolvemento nas programacións dos diferentes temas e leccións xerará un conxunto de propostas que favorezan a adaptación ás capacidades e motivacións do alumnado respectando sempre un traballo común de base e intención formativa global que permita a consecución das competencias básicas.

Ademais dos programas e actividades de recuperación mencionados no apartado anterior, ofrecerase ao alumnado a posibilidade de facer máis exercicios e de máis nivel que os que se fan na clase no desenrolo de cada tema, coa intención de favorecer a consecución da excelencia, de máis altas cotas na aprendizaxe da materia.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5
ET.1 - Desenvolver a autoestima e a participación na realización dos traballos.	X	X	X	X	X
ET.2 - Favorecer a comunicación interpersonal, promovendo a educación para a convivencia, a tolerancia e a igualdade entre homes e mulleres.	X	X	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5
ET.3 - Promover o uso responsable das tecnoloxías da información e a comunicación.	X	X	X	X	X

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Exposicións	Visitas a museos, salas de exposicións e eventos plástico - culturais.		X	

Observacións:

Recomendarase ao alumnado a asistencia ás exposicións de arte que se fagan na cidade así como a asistencia periódica a museos. Se se dera o caso (número de alumnado, data, etc.) o profesor/a organizaría algunha saída para ver exposicións ou eventos de interese para a materia.

En 1º e 2º de bacharelato, ademais, valórase a posibilidade de contribuír facilitando información axeitada ao alumnado sobre os estudos universitarios técnicos e sobre as diferentes ramas do deseño, organizando algún encontro ou charla con profesionais do ámbito da arquitectura, das diferentes enxeñerías, e dos diversos tipos de Deseño (industrial, publicitario, de moda, etc). Para iso, recorrerase aos pais e nais do alumnado que desenvolvan ditas actividades profesionais e que estén dispostos a participar nestes encontros informativos. Considérase imprescindible a participación do Departamento de Orientación.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Porcentaxe de aprobados na materia
Metodoloxía empregada
Exames e exercicios prácticos
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Resultados comparados co resto das materias

Descrición:

O principal indicador de logro serán os exames que se farán de cada parte da materia. Tamén, os exercicios prácticos e a súa valoración polo profesor/a. Na medida en que estes resultados de ámbolos dous elementos (exames e prácticas) sexan parellos ou similares, o proceso de ensino será coherente.

As porcentaxes de aprobados son, tamén, como en calquera outra materia, importantes indicadores do axeitado dos exercicios e exames ás capacidades do alumnado e ás exposicións, correccións e explicacións do profesor/a. Unha porcentaxe de suspensos superior ao corenta por cento sería un indicador de malformacións no proceso de ensino e

obrigaría a un estudo e, no seu caso, reconsideración do proceso de ensino.

Tamén é importante ter en conta os resultados das avaliacións desta materia, que sexan semellantes aos das outras materias. Se non é así, relizarase un estudo de cada caso concreto.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

1.- A final de curso o Departamento de Artes Plásticas comprobará o grao de cumprimento e exposición dos CONTIDOS previstos na programación e tomará as medidas oportunas para o futuro. No caso de que se chegara a conclusión da conveniencia de modificar algún dos CONTIDOS, METODOLOXÍA ou RECURSOS DIDÁCTICOS, farase a correspondente modificación na programación para que xurda efecto no curso seguinte.

2.- Cando os resultados da avaliación final de xuño desta materia sexan negativos (nota inferior a 5) nunha porcentaxe de alumnado superior ao 40% do número total de matriculados na materia e que teñan asistido a clase con regularidade durante o curso, o Departamento estudará a necesidade de facer as reformas ou adaptacións precisas da programación con vista ao curso seguinte.

9. Outros apartados